



Concello de Vigo

Expediente: 10681/407

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PXOM E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA DE VIGO”**

**ASISTENTES:**

Presidente: M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Vocais: José Riesgo Boluda, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo  
Olga Gómez Corbal, Interventora adxunta  
Rubén Pérez Correa, Concelleiro do grupo municipal Marea  
Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos centrais  
M<sup>a</sup> Luisa Sobrino del Río, Arquitecta xefa da área técnica  
Susana Rivadulla López, Arquitecta xefa da Delg. Urbanismo da Xunta en Pontevedra

Secretaria: Purificación Vega Rubio, Xefa da oficina

**DATA:** 26 de xullo 2018

**HORA:** 10 horas

**OBXECTO:** Constitución da Mesa de Contratación e apertura dos sobres “A” DOCUMENTACIÓN PERSOAL e “B” OFERTA TÉCNICA”.

**LUGAR:** sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sendo as 10 horas estando presentes os membros da Mesa de Contratación arriba sinalados, existindo quórum suficiente, constitúese a Mesa de Contratación e iniciase a reunión.

**1. APERTURA DO SOBRE A**

Procédese a apertura do sobre A das ofertas presentadas, segundo o certificado da Secretaría de data 23 de xullo de 2018:


**LOTE 1 Elaboración da actualización cartográfica do Concello de Vigo**

1. Services Research & Mapping consulting, S.L. e Nucleo Galicia, S.L.
2. Informática El Corte Inglés, S.A.
3. Estudio Cartográfico Gea S.A.
4. Seresco S.A.
5. Compass Soluciones de Ingeniería y Arquitectura, S.L.P. e Soluciones y Proyectos de información, S.L.
6. Ute Insitu, Tca, Tracasa
7. Centro de Observación y Teledetección Espacial, S.A.





Concello de Vigo

Expediente: 10681/407


- 
8. Ute Telespazio Ibérica, S.L. e Estudio de Fotogrametría S.L.
  9. Hemav-Technology, S.L.
  10. Ute Eptisa Tecnologías de la Información, S.A. e Dotgis Corporation, S.L.
  11. Geograma, S.L.

### LOTE 2 Redacción da revisión do PXOM de Vigo

- 
1. Estudio Técnico Gallego, S.A.
  2. Calixto Escariz, S.L.
  3. Oficina de Planeamiento, S.A. e SEPIA Técnicos, S.L.
  4. Víctor García Oviedo Ute BCN ecología Agencia d'ecología urbana de Barcelona
  5. UTE Urbanismo digital vigo



O contido do Sobre "A" DOCUMENTACION PERSOAL", segundo o establecido na cláusula 14.a) debe incluír declaración responsable consonte o modelo do Anexo II e o Documento europeo único de contratación, (DEUC).




Revisadas as ofertas a Mesa acorda notificar a empresa Hemav-Technology, S.L. (Lote I) para que aclare o seu obxecto social, xa que na declaración responsable pon que o seu obxecto social é a construción de aeronaves e a súa maquinaria... , polo que se lle solicita que informe si dito obxecto social abrangue a cartografía, mediante a presentación dalgunha escritura da sociedade ou estatutos.

A Mesa acorda dar o prazo de tres días naturais para realizar dita subsanación.

O resto das ofertas son admitidas.


### 2. APERTURA DO SOBRE B




A continuación, procédese a apertura do Sobre B das ofertas presentadas no Lote II. A documentación do sobre B, presentárase segundo o indicado na cláusula 14.b).

Admítense a totalidade das ofertas, salvo as presentadas pola empresa BCN ecología Agencia d'ecología urbana de Barcelona e a UTE urbanismo dixital vigo.

A Mesa acorda requerirlles, para que subsanen a documentación presentada no prazo de tres días naturais.



- A empresa "BCN ecología Agencia d'ecología urbana de Barcelona", integrante da UTE "Víctor García Oviedo-BCN ecología Agencia d'ecología urbana de Barcelona", deberá presentar declaración escrita, sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre "B". Dita declaración deberá ser asinada por persoa con poder de representación acreditado.





Concello de Vigo

Expediente: 10681/407

- As persoas ou entidades integrantes da “UTE Urbanismo dixital vigo”, deberán presentar declaración escrita sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre “B”. Ditas declaracións deberán ser asinadas por persoas con poder de representación acreditado (unha declaración por cada un dos membros da futura UTE).

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por finalizada a reunión ás 11,15 horas do día arriba sinalado.